

## Estampa Popular Galega

O gravado é unha obra de arte múltiple, unha linguaxe plástica, unha forma de expresión artística moi utilizada en toda a historia da arte que na actualidade configura unha disciplina autónoma con moitos seguidores no eido da creación contemporánea. En xeral esta palabra é aplicada na linguaxe habitual tanto para o procedemento utilizado (acción e arte de gravar) coma para o resultado (estampa).

Un fito importante para o gravado galego contemporáneo é a creación na década dos sesenta do movemento “Estampa Popular Galega”<sup>1</sup>, porque intentará recuperar o espírito de vangarda e actualidade truncado coa Guerra Civil e co posterior exilio de grandes artistas do gravado coma Luís Seoane. Estes artistas queren achegar a arte ao pobo, “para humanizar o arte e devolvelo ó seu lexítimo dono”<sup>2</sup> e contribuír dende o propio país, e xa non dende fóra por mor do ostracismo franquista, á democratización da arte, á innovación e ao compromiso político-cultural con Galicia. No Manifesto da *Estampa Popular Galega* (1968) impreso no programa de man da exposición de Santiago din:

*“O pobo galego ten, antre outros dereitos, o de acceder ó arte, polo tanto xurde A Estampa Popular Galega cos anceios e fins de substituir a dualidade “pintor-espeutador” pola de “pintor-pobo”, espallar o grabado na xente e refrexar nil os seus doores e ledicias, integrando ó pintor no vivo latexar do país”*

Estampa Popular foi un movemento conformado por artistas gravadores<sup>3</sup> de distintos estilos e formación, co obxectivo de achegar a arte ao pobo e contribuír á concienciación social e crítica sobre a situación política dos anos sesenta. As distintas agrupacións eran independentes. Nelas “confluíron a proposta pictórica, a actividade cultural, a acción política, as implicacións sociais e a utopía” (Haro; 2010:359)

Na segunda metade da década dos sesenta apareceron novas agrupacións de E.P xuntando artistas antifranquistas fóra do eido madrileño sendo a galega, en 1968 a última en organizarse como tal.

A súa activade foi decaendo a partir da década dos setenta sendo a última exposición a retrospectiva de 1981 en Madrid, onde se pecha a actividade de E.P. aínda que os seus compoñentes sigan a súa produción artística persoal ou colectivamente por outros vieiros.

Noemí de Haro no seu libro titulado *Grabadores contra el franquismo* dedica un capítulo á Estampa Popular Galega que titula “*El arte en las tabernas*” en clara alusión a ese compromiso principal de estender ao pobo a obra gráfica a través dun realismo social de denuncia que segue a estela de Castelao, dos renovadores do primeiro terzo do século XX ou de persoeiros como Luís Seoane e Arturo Cuadrado Moure. Outro antecedente de E.P.G. foi a exposición da galería *Toisón* de Madrid en abril de 1967 presentada por Basilio Losada, pero Haro sostén que o punto de partida de E.P.G. foron as tertulias do *Bar Eligio* en Vigo onde coincidían Patiño e Pousa xunto con Elvira

---

<sup>1</sup> Dentro da entidade *Estampa Popular*, que tiña agrupacións en Madrid, Andalucía, Biscaia, Valencia e Cataluña ademais de Galicia, cuxa finalidade era desenvolver unha actividade de crítica clara e directa ao franquismo dende as artes plásticas, reuníanse grupos de gravadores que tiveron actividade entre 1959 e 1981. (Vid. De Haro García, M.; *Grabadores contra el franquismo*, CSIC, Biblioteca de Historia del Arte 17, Madrid 2010).

<sup>2</sup> Programa de man da exposición *4ª Mostra Estampa Popular Galega*. Monforte de Lemos, agosto de 1968.

<sup>3</sup> O inspirador principal de E.P. foi José García Ortega.

Martínez. Os protagonistas principais da agrupación galega de E.P. serían Reimundo Patiño e Xavier Pousa.

Haro concreta a breve andaina de E.P.G. entre os anos 1968 e 1970; en tan breve espazo temporal marca dúas épocas: a primeira (onde en base a ese ideario de achegamento popular se realizan as mostras colectivas en tabernas e locais populares e accesibles), remata coa clausura obrigada da exposición celebrada en Tui por “inurias a la Nación, al Ejército y a la Guardia Civil”. A segunda etapa é para a mesma autora como un epílogo exterior porque expoñen en Montevideo recaendo o protagonismo impulsor das exposicións realizadas en Isaac Díaz Pardo.

Moitos dos artistas de E.P.G. tiveron xa intereses culturais similares en Madrid (a través da editorial Brais Pinto por exemplo) e activismo político de esquerdas, pero en *Estampa Popular Galega* xuntáronse distintos idearios para formar un grupo de gravado implicado na loita pola liberdade e na concienciación sociocultural e política utilizando a arte como un medio. O seu máximo expoñente foi Reimundo Patiño<sup>4</sup>, quizais xa dende a súa actividade en Madrid coñecedor do activismo de García Ortega. Pero serán Xavier Pousa e Elvira Martínez os encargados de organizar *Estampa Popular Galega*. Outros compoñentes significativos do colectivo foron Xaime Quessada e Enrique Ortiz.

Diferentes artistas con distintas ideas, formación e idade participaron en varios momentos das experiencias e mostras deste movemento. Así, ademais do grupo que expuxo en *A Gaiola* de Santiago de Compostela: Rivas Briones, Laxeiro, Grandío, Beatriz Rey, Ángel Sevillano, Vicente Vázquez Diéguez, Pedro Agrelo, Xosé I. Pardo Pedrosa, Alfonso Gallego Vila, Xavier Pousa, Xulio Maside e R. Patiño incorpóranse na exposición de Vigo Barreiro, Cidoiro, Cores, Blas Lourés, Angel Mareque e Manoel Torres, tamén Xaime Quessada, Enrique Ortiz e outros, que podían pertencer a E.P.G. ou colaborar ocasionalmente.

No ano 1968 as obras de *Estampa Popular Galega* estiveron, ademais de en Santiago, na Coruña (*Las Tinajas*), nas festas de Parga, en Monforte de Lemos (*Círculo Victoria*), Vigo (*Bar Eligio*). Nestas cinco mostras de E.P.G. expoñíanse varias estampas de distintos autores con estilos e técnicas nas que predominaría a neofiguración de temática galega, e, sobre todo, os prezos populares, que non servían nin para cubrir gastos.

Outras sedes foron A Guarda (colexio Padres Somascos) e Tui (Bar Restaurante Galicia). O seu obxectivo era continuar levándoas por toda Galicia pero coa detención dos organizadores Elvira Martínez e Xavier Pousa<sup>5</sup> nesa última mostra por mor de tres estampas “subversivas” de Pousa, José Pardo Pedrosa e Beatriz Rey, remata dita itinerancia. Por mor deste suceso xa non houbo outras exposicións colectivas de E.P.G. en Galicia aínda que os seus compoñentes seguiron outros vieiros expositivos, traballos e colaboracións varias. Non obstante, puido organizarse grazas a Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane en Uruguai (Montevideo) dentro das XIV (1969) e XV (1970) *Xornadas de Cultura Galega*, mostras deste colectivo de gravadores xunto con outras novas incorporacións co gallo da devandita actividade.

A idea pioneira de levar a arte ao pobo expoñendo polas tabernas para chegar a máis público foi tamén utilizada polo grupo lucense “Os Urogallos”<sup>6</sup> tal como nos relatou Blas Lourés, tendo en conta tamén o pouco desenvolvido que estaba o entramado expositivo a finais dos 60 e principios dos 70 e sobre todo por ese idea de

---

<sup>4</sup> O seu activismo e implicación vai en consonancia coa idea da arte como un medio e non un fin en si mesmo, como xa escribía Castelao, esa constante busca creativa continuará na década dos oitenta coa súa participación no grupo “Atlántica”.

<sup>5</sup> A causa de José Pardo Pedrosa foi sobreseída en setembro de 1968.

<sup>6</sup> Formado por: Jesús Blas Lourés, Manuel Cancio Varela, Tino Prados López, José López Guntín, Antonio Estrada e Luis Gómez Pacios, e máis tarde Juan Puchades Quilis.

achegamento da cultura ao pobo a través de exposicións itinerantes en lugares accesibles, organización de coloquios e outras actividades que intentaban democratizar a arte contemporánea. A unión de artistas en colectivos diversos conxugaba linguaxes plásticas moi variadas, ás veces contrapostas, nun clima de colaboración e liberdade creativa individual só limitada neses tempos pola censura política.

Os pintores lucenses que expuxeron con E.P.G. foron Tino Grandío, Pedro Agrelo, José Pardo Pedrosa, Blas Lourés e, se consideramos a vinculación de R. Patiño con Monforte, tamén este último. Ás veces esa participación non era moi consciente porque algún amigo podía pedir obra doutro autor para expoñer, sen maior compromiso, tal é caso de Blas Lourés que dada a súa amizade con Pousa, Laxeiro, Grandío, Agrelo e mesmo Patiño, colaborou case involuntariamente posto que non lembra unha petición ou invitación formal á exposición de Vigo.

A provincia de Lugo segue tendo na actualidade “pintores-gravadores” de gran nivel como Vázquez Cereijo, os integrantes do grupo Bacabú<sup>7</sup>, Correa Corredoira, Guerreiro, Roberto González, Ignacio López Arias ... etc., que trasladan as propostas artísticas da súa produción pictórica á estampa con relativa frecuencia porque apenas hai artistas gravadores que se dediquen exclusivamente á obra gráfica orixinal.

Finalmente, aproveito para suxerir a realización dunha investigación profunda sobre a E.P. galega e/ou unha retrospectiva similar á realizada en 1996 no IVAM posto que a agrupación galega só se estuda dentro da Estampa Popular e, a pesar dunha curta singradura, a súa organización, implicación e diversidade de compoñentes fai que poda considerarse como un exemplo de compromiso, colaboración e interese altruísta pola nosa cultura e pola dignificación da estampa como obra orixinal múltiple, medio de expresión, e forma de achegarse a toda a cidadanía de xeito máis popular/democrático nuns tempos onde a arte neste país estaba moi condicionada polo réxime vixente. Pero non só habería que estudar a E.P.G. ou o século XX senón toda a historia do gravado galego dada a gran tradición secular existente desta manifestación artística e tan pouco reflectida na bibliografía especializada.

### **Aurelia Balseiro García**

Licenciada con grao en Xeografía e Historia (USC) na especialidade de Museoloxía  
Directora do MPL

---

<sup>7</sup> Santiago Catalán, Quique Bordell, Espiral, Refojo e Honorio.